

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 20 DE XULLO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Decreto polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se asume o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións, servizos e recursos persoais e materiais afectos á Escola de Canteiros de Poio prestados pola Deputación Provincial de Pontevedra e se acorda a súa transformación nun centro público docente dependente da Xunta de Galicia.

#### **ACORDOS**

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Carballiño para a execución do Plan de sustentabilidade turística O Carballiño e a gastronomía do polbo, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón de euros (1.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ferrol, para a realización das obras e actuacións de reparación do estadio municipal da Malata, en Ferrol, por importe total de cincocentos corenta e nove mil novecentos noventa e nove euros con noventa e oito céntimos (549.999,98 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da aprobación inicial do proxecto de interese autonómico denominado Factoría do deporte galego-Galicia Sports 360, en Mos (Pontevedra).

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da obra de construción dun edificio de 40 vivendas de promoción pública na parcela Z-13 do Parque Ofimático (A Coruña), cun valor estimado de sete millóns setecentos oito mil novecientos sesenta e tres euros con cincuenta e tres céntimos (7.708.963,53 euros).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para o desenvolvemento de programas de I+D+i nos institutos de investigación do CSIC e nos centros oceanográficos do Instituto Español de Oceanografía (CSIC-IEO), centro nacional do CSIC, radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, no período 2023-2024, por importe dun millón douscentos oitenta e tres mil euros (1.283.000,00 €), e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2023-2024, por importe de cincocentos noventa e nove mil euros (599.000,00 €), a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados e que se exima da constitución de garantías polos pagamentos anticipados e á conta.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2023-2024, por importe de setecentos sesenta e seis mil euros (766.000,00 €), a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados e que se exima da constitución de garantías polos pagamentos anticipados e á conta.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2023-2024, por importe de setenta mil euros (70.000,00 €) e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Biomédica Galicia Sur para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2023-2024, por importe de trescentos oitenta e nove mil euros (389.000,00 €), a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados e que se exima da constitución de garantías polos pagamentos anticipados e á conta.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, por un importe total de once millóns setecentos setenta mil oitocentos euros (11.770.800,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a eximir da obriga de constituír garantías ás entidades colaboradoras da resolución pola que se convoca, para o ano 2023, o procedemento de concorrencia competitiva para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión do programa da Aceleradora cultural de proxectos musicais, ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) para a prestación de servizos educativos ao alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave para o curso escolar 2023/24, por un importe de trescentos dezasete mil oitocentos tres euros con sesenta e catro céntimos (317.803,64 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como para eximir da obriga de constituír garantías establecidas no artigo 67 do decreto, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais galegos e se convocan para o ano 2023, por un importe de trescentos mil euros (300.000,00 €).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de equipamentos de protección individual e produtos de base alcólica para antisepsia de mans con destino ás área sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por importe de sete millóns trescentos cincuenta e dous mil trescentos cincuenta e un euros con setenta e sete céntimos (7.352.351,77 €), IVE incluído, e un valor estimado de once millóns trescentos corenta e dous mil catrocentos setenta e un euros, con seis céntimos (11.342.471,06 €).

## CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento do Programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration UE, e se realiza a súa convocatoria para o exercicio 2023, por importe de dous millóns setecentos tres mil novecentos oitenta e tres (2.703.983,00 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80 % derivada do Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan Corresponsables, no ano 2023, por importe de cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80 %, derivado do Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables, no ano 2023, por importe de cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80 %, derivado do Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan Corresponsables, no ano 2023, por importe de cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados con respecto á Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se realiza a convocatoria para o ano 2023, por un importe de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000,00 €).

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para a creación de superficies forestais cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INFORMES

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia da obra de reconstrución da ponte de Santa Marta (Ponte Arnelas), na PO-300, p.q. 6+450 (t.m. de Ribadumia e Vilanova de Arousa, Pontevedra), de clave PO/23/104.02, por importe total de cinco millóns trescentos corenta e oito mil novecentos noventa e un euros con sete céntimos (5.348.991,07 €).

#### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde do 30 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, de carácter compensatorio aos acuicultores pola suspensión temporal da colleita de moluscos cultivados durante o ano 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca nun 75 % (FEMP), e se convocan para o ano 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DO CURRÍCULO DE COMUNICACIÓN E CIENCIAS SOCIAIS E DE CIENCIAS APLICADAS DOS CICLOS DE GRAO BÁSICO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Esta tramitación deriva da entrada en vigor da LOMLOE

O Consello da Xunta dá luz verde ao decreto polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional en Galicia.

Esta tramitación deriva da entrada en vigor da LOMLOE, que crea ciclos formativos de grao básico que dan lugar ao novo título de técnico básico na especialidade correspondente. Ademais, atendendo á normativa, os ciclos formativos de grao básico deben facilitar a adquisición das competencias da educación secundaria obrigatoria a través de ensinanzas organizadas nestes ámbitos.

Así pois, segundo o decreto aprobado hoxe, no ámbito da Comunicación e Ciencias Sociais inclúiranse as materias de Lingua Castelá, Lingua Estranxeira de Iniciación Profesional, Ciencias Sociais e Lingua Cooficial (no caso de Galicia, Lingua Galega). No ámbito de Ciencias Aplicadas, inclúense as materias de Matemáticas Aplicadas e Ciencias Aplicadas. No ámbito Profesional inclúirase, polo menos, a formación necesaria para obter unha cualificación de nivel 1 do Catálogo nacional das cualificacións profesionais.

A relevancia da regulación do currículo dos ámbitos de Comunicación e Ciencias Sociais e de Ciencias Aplicadas está avalada pola cobertura da formación do alumnado matriculado na formación profesional básica en Galicia no curso 2022/23 e posteriores. De feito, o pasado curso houbo 4.795 matriculados nestes ámbitos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ASUME A TITULARIDADE DA ESCOLA DE CANTERÍA DE POIO CO OBXECTIVO DE RECUPERAR E POTENCIAR ESTE OFICIO NA LIÑA DAS NOVAS NECESIDADES E DEMANDAS DO SECTOR

- O Consello aproba o decreto de traspaso á Comunidade Autónoma das funcións, servizos e recursos persoais e materiais afectos á dita escola que ata o de agora xestionaba a Deputación Provincial de Pontevedra
- Unha vez que se formalice o traspaso, a Consellería de Educación, da cal dependerá o centro, iniciará os trámites para convertelo nun centro Integrado de formación profesional nas especialidades de Construción, Cantería e Restauración

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo cal se traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia a Escola de Cantería de Poio, ata o momento dependente da Deputación Provincial de Pontevedra. Deste xeito, o Goberno galego asume a partir de agora todas as funcións, servizos e recursos persoais e materiais afectos á dita escola e acorda a súa transformación nun centro público docente dependente da Consellería de Cultura, Educación, formación profesional e Universidades.

Unha vez que se complete o procedemento administrativo preceptivo para o traspaso, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades iniciará os trámites para converter a Escola de Cantería de Poio, de cara ao curso 2024/25, nun Centro Integrado de Formación Profesional para ir desenvolvendo gradualmente as especialidades de Construción, Cantaría e Restauración, o que na práctica suporá unha ampla autonomía e flexibilidade organizativa, unha maior versatilidade na programación da súa oferta formativa e capacidade de mellorar a capacitación das persoas.

#### **Potenciar o oficio de cantaría**

Precisamente un dos obxectivos da Consellería é o de recuperar e potenciar o oficio de cantaría, un dos máis antigos e representativos de Galicia e que na actualidade é un dos eidos con máis dificultades de remuda xeracional. A isto hai que engadir a crecente demanda das empresas de contar con persoas que dispoñan das competencias necesarias para empregar as últimas tecnoloxías e materiais, co obxecto de dar solucións innovadores aos novos retos construtivos.

De aí que a súa conversión en centro integrado de formación profesional leve aparelado un reforzo da oferta vinculada á construción e restauración de edificacións en pedra, ao deseño a produción e á restauración de pezas artísticas en pedra. Ademais, tamén se

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulsará a formación no ámbito artístico mediante a produción de elementos artísticos e escultóricos en pedra, incluíndo a súa restauración.

### **Persoal e terreos**

Tal e como se recolle no decreto aprobado hoxe, a Xunta de Galicia asume as funcións, servizos e recursos persoais e materiais da Escola de Cantería de Poio, así como os bens, dereitos e obrigas derivados do dito traspaso, cun custe adicional de 563.000 € entre os gastos de persoal e de mantemento e funcionamento do centro.

No que atinxe ao persoal, a Xunta asume os oito traballadores actuais (seis mestres especialistas, un oficial e un operario de servizos), nos termos establecidos no Estatuto dos traballadores e nas mesmas condicións que teñan recoñecidas pola Deputación Provincial de Pontevedra na data de efectividade da incorporación.

Os terreos seguirán pertencendo á Comunidade de Montes veciñais en Man Común de San Salvador de Poio, mentres que a Comunidade Autónoma se subroga na posición xurídica da Deputación de Pontevedra segundo o establecido no Acordo de cesión adoptado entre esta e a comunidade de montes no ano 1996, ratificado por Acordo da Comunidade de Montes en marzo de 2023.

Logo da aprobación do decreto de traspaso por parte do Consello da Xunta, as partes disporán dun mes de prazo desde a súa publicación no DOG para asinar as actas de entrega e recepción dos bens, dereitos e recursos que se traspasan.

### **Antecedentes**

A Escola de Cantería de Poio iniciou a súa andaina en xaneiro de 1979 nas instalacións do mosteiro de Poio, dependente do Ministerio de Cultura, e en 1982 pasa a depender da Deputación de Pontevedra. No ano 2000 inicia un novo proxecto con instalacións propias na súa actual sede en Boavista, na zona da Caeira, nunha parcela cedida á Deputación por parte da Comunidade de Montes de San Salvador de Poio.

En todo este tempo, a escola desenvolve as súas actividades como un obradoiro de traballo artesanal en pedra no cal se combinan o ensino teórico e o práctico, e os traballos do alumnado e do profesorado van deixando pegada do patrimonio arquitectónico popular de Galicia por todo o mundo. Malia iso, a formación impartida insírese dentro da denominada formación non formal e, por tanto, non conducente a títulos ou certificados de profesionalidade.

Precisamente dada a relevancia da formación de alta cualificación nun ámbito de especial transcendencia para o patrimonio e o sector da construción que imparte este centro, a Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra asinaron en 2022 un protocolo de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

intencións para a transmisión da titularidade da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA O CARBALLIÑO E A GASTRONOMÍA DO POLBO

- O proxecto conta cun millón de euros e inclúe actuacións como a ampliación da Senda do Arenteiro, a posta en marcha do Museo do Papel, a visibilización da actividade de polbeiras e polbeiros e a creación de produto turístico de base enogastronómica
- O proxecto está incluído no marco do Plan Territorial de Sostibilidade Turística Enogastronomía de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Carballiño para a execución do Plan de sustentabilidade turística O Carballiño e a gastronomía do polbo, no marco do Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia, que conta cun orzamento dun millón de euros.

Este plan inclúe actuacións como a ampliación da Senda do Arenteiro (PR-G 79) ata o Bañiño de Arcos; a rehabilitación sostible das pallozas do cámping para a súa adaptación ao cambio climático e para a súa explotación turística como aloxamento singular; a iluminación do patrimonio relixioso e outros espazos singulares e a rexeneración natural dos parques do contorno fluvial e integración co núcleo urbano.

Engloba tamén actuacións como a sinalización intelixente do destino, a posta en marcha do Museo do Papel, a visibilización da actividade de polbeiras e polbeiros e a creación de produto turístico de base enogastronómica.

#### **Plan territorial de enogastronomía**

O Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia ten como obxectivo a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel, para o que porá en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia. Está dotado dun orzamento de 31,9 millóns de euros e está estruturado arredor de 3 actuacións de cohesión en destino (ACD), cun investimento de 14,9 millóns de euros, e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 17 millóns de euros.

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable desde os destinos e a potenciación do territorio enogastronómico galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo son

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os obxectivos arredor dos cales se vertebra este plan, cun forte contido na dixitalización e na innovación gastronómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONTRIBÚE Á MELLORA E REPARACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DA MALATA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE FERROL

- O Consello do Goberno galego aprobou a formalización dun acordo que prevé un investimento de case 550.000 euros para reforzar a seguridade dunhas instalacións deportivas emblemáticas para a cidade ferrolá
- As accións previstas buscan corrixir diversas deficiencias en materia de incendios, utilización por parte da cidadanía, salubridade e na instalación eléctrica

A Xunta investirá este ano preto de 550.000 euros en obras de mellora e reparación do estadio municipal da Malata a través dun acordo co concello de Ferrol, segundo aprobou hoxe o Consello do Goberno galego. Búscase así corrixir diversas deficiencias detectadas en materia de seguridade a causa da deterioración nunhas instalacións deportivas emblemáticas para a cidade ferrolá.

Tal e como recolle o texto aprobado, o Concello de Ferrol encargárase de realizar as obras previstas, que inclúen a renovación das carpintarías metálica e de madeira, e das instalacións eléctrica, de fontanaría, de climatización e de ventilación. Tamén se prevé a instalación de megafonía de seguridade e a limpeza e saneamento da cuberta, entre outras accións.

O obxectivo é reforzar as condicións de seguridade en materia de incendios, onde se detectaron deficiencias en evacuación, sinalización, detección, extinción e alarma; na utilización por parte da cidadanía, con melloras na iluminación de emerxencias e evitando riscos derivados de desprendementos e desniveis; de salubridade, con novos sistemas de ventilación e fontanaría; e da instalación eléctrica para previr riscos de cortocircuíto e incendio.

A iniciativa enmárcase na aposta da Xunta pola colaboración cos concellos para a mellora das infraestruturas a prol da prestación de servizos municipais e da práctica de actividades deportivas. Trátase, así, de apoiar as administracións locais como entidades máis próximas á cidadanía e mellor coñecedoras das súas demandas e necesidades.

Nesta liña, cómpre sinalar que o estadio da Malata conta con instalacións de uso cotiá tanto por parte da veciñanza como de clubs de diferentes disciplinas que se aloxan no edificio. Cunha superficie aproximada de 15.000 m<sup>2</sup>, dispón dun campo de fútbol e de piscina climatizada, entre outras dotacións deportivas, así como de locais, oficinas e vestiarios. A súa cabida pode superar as 12.000 persoas durante a realización de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

partidos de fútbol, o que require de medidas que garantan a máxima seguridade para as distintas persoas usuarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA AVANZA QUE O PROXECTO DA 'FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO-GALICIA SPORTS 360' XA DISPÓN DA APROBACIÓN INICIAL COMO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO**

- Explica que o Consello da Xunta autorizou hoxe esta declaración en tanto esta é unha iniciativa "relevante" e que transcende o ámbito municipal
- Precisa que a aprobación definitiva terá lugar "dentro duns poucos meses", logo de que conclúa a tramitación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe a Factoría do deporte galego-Galicia Sports 360 que o Real Club Celta de Vigo (RC Celta) está impulsando no concello de Mos xa dispón da súa aprobación inicial como Proxecto de Interese Autonómico, tal e como acordou esta mañá o Consello da Xunta. A tramitación continuará ata concluír coa súa aprobación definitiva "dentro duns poucos meses".

Os Proxectos de Interese Autonómico veñen regulados Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. "O efecto principal desta declaración é que a planificación e execución das actuacións transcenden o ámbito municipal e, polo tanto, teñen unha tramitación singular que, en moitos casos, non fai necesarias as autorizacións municipais", explicou. Esta figura pódese aplicar a iniciativas que superan o ámbito local, ben pola súa incidencia territorial, económica, social, ou cultural; pola súa magnitude; ou polas súas características singulares, e que non teñen previsión nin acomodo no planeamento urbanístico.

Neste sentido, o presidente destacou que a Factoría do deporte galego-Galicia Sports 360, do RC Celta é un proxecto "relevante", que contará con tres agrupacións de infraestruturas: a Cidade Deportiva Afouteza, o Centro Integral para a Capacitación da Industria do Deporte e, por último, a Área de Servizos-Espazo Arena.

Deste xeito, tanto polo ámbito estritamente deportivo-competitivo como pola súa vertente económica e de desenvolvemento, este proxecto transcende o ámbito municipal e defende a idea do deporte como unha actividade de interese público que coadxuva no crecemento e cohesión social, na igualdade de xénero, en mellorar o benestar da cidadanía e no desenvolvemento do conxunto da Comunidade Autónoma, fortalecendo o carácter transversal sistema deportivo galego.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Tres infraestruturas relevantes

A Cidade Deportiva Afouteza consiste nun conxunto integrado de edificacións e instalacións ao servizo do deporte coa finalidade de dotalo da infraestrutura necesaria tanto para as exixencias da preparación de alto rendemento e seguimento dos deportistas das categorías de fútbol profesional do club, como para a promoción, fomento e formación das novas xeracións de deportistas. Mentres, o fútbol feminino medrará reservando as actuais instalacións da Madroa e acadando a creación da sección de fútbol feminino do RC Celta.

No referido ao ámbito formativo, concorre no proxecto presentado, segundo se reficte na memoria, unha concordancia de obxectivos cos programas de desenvolvemento do deporte de base realizados desde a Administración autonómica, e cuxa máis recente mostra son os núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE). Dada a dimensión deportiva do RC Celta, o labor de fomento deportivo, especialmente no ámbito do deporte de base e do deporte feminino, transcende á área metropolitana de Vigo e á propia Comunidade Autónoma.

Paralelamente, o proxecto conta tamén conta cunha importante presenza das vertentes educativa, de innovación e de desenvolvemento do sistema deportivo, principalmente centrados no Centro Integral para a Capacitación da Industria do Deporte, que será un centro dinamizador e modernizador do tecido empresarial para convertelo nun referente non só na Comunidade autónoma ou no noroeste peninsular, senón no ámbito nacional e internacional, así como un investimento estratéxico para o futuro.

O proxecto significará, ademais, a contratación dunha gran cantidade de novo persoal para a xestión, a dinamización das actividades e o mantemento das novas instalacións. Será o Centro Tecnolóxico da Innovación no Deporte un dos espazos que mais se beneficiará desta nova oportunidade de emprego, por ser totalmente de nova creación e pola súa propia natureza.

Por último, a Área de Servizos, principalmente centrada no Edificio Arena, estará destinada a eventos deportivos, cunha capacidade apuntada de ata 10.000 espectadores, e no cal se incluírán, entre outros, espazos de lecer deportivo *indoor*, expositivos ou de restauración e tendas deporte e *merchandising*.

En definitiva, o proxecto de interese autonómico converterá á Factoría do deporte galego-Galicia Sports 360 nunha iniciativa cun interese supramunicipal cualificado que vai máis alá do ámbito deportivo. A Factoría do deporte galego conta coa capacidade para ser un complexo necesario que fortaleza a industria do deporte en Galicia e promova o seu desenvolvemento. A dinamización e modernización do tecido empresarial

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galego posibilitará que o proxecto sexa un referente non só na Comunidade Autónoma ou no noroeste peninsular, senón no ámbito nacional e internacional, así como un investimento estratéxico para o futuro. Preténdese así a creación dunha sede dun nodo de tecnoloxía do deporte a semellanza doutros xa implantados en Europa, do que actualmente carece Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### RUEDA AVANZA A LICITACIÓN DE 40 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BARRIO CORUÑÉS DE XUXÁN

- Sinala que o Goberno galego fai cada ano un “grande esforzo” por promover novas vivendas protexidas e rehabilitar inmobles para alugueiro social
- Enmarca esta nova licitación na estratexia da Xunta en materia de vivenda, que fixa como obxectivo incrementar nun 50% o parque público residencial ata chegar ás 5.600 vivendas en 2026

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reafirmou a aposta do Goberno galgo en materia de vivenda coa autorización da licitación, hoxe no Consello, de 40 novas vivendas de promoción pública (VPP) en terreos localizados en Xuxán, na cidade da Coruña, e nas que a Administración autonómica investirá 7,7 millóns de euros.

Trátase de dar un paso máis nunha cuestión fundamental para a cidadanía. Por iso, puxo en valor que esta iniciativa se inscribe no “grande esforzo” que fai cada ano o Goberno galego en promover novas vivendas protexidas e en rehabilitar inmobles destinados a alugueiro social.

De feito, este compromiso enmárcase tamén na estratexia en materia de vivenda que o Goberno galego aprobou hai uns meses no Consello da Xunta. “Marcabamos como un dos obxectivos principais incrementar nun 50% o parque público residencial, ata chegar ás 5.600 vivendas no 2026”, recordou.

#### **138 vivendas públicas no barrio de Xuxán**

A licitación autorizada hoxe, e que se construírá entre este ano e o 2025, é o segundo grupo de VPP en Xuxán: así, vén a sumarse a outras 40 “xa rematadas e en proceso de adjudicación”, e outras 58 que teñen licitada a redacción do seu proxecto construtivo. “En total, 138 vivendas públicas neste barrio da Coruña, que se engaden a outras actuacións que se estamos facendo noutros lugares de Galicia”, apuntou.

A nova promoción pública do IGVS en Xuxán -un barrio en que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) é propietario do 50% do solo e, polo tanto, financia tamén a metade dos custos da urbanización- localízase nunha parcela cunha superficie de 1.280 metros cadrados. O inmoble disporá de 2 plantas subterráneas, onde se situarán os garaxes, e 1 planta baixa, que albergará os portais de acceso ás plantas residenciais, locais comerciais e espazos para instalacións comúns.

Ademais, nas 5 plantas altas distribuiranse as 40 vivendas proxectadas e no baixo cuberta situaranse os rochos e instalacións comúns. En total, o edificio disporá de 30 vivendas dotadas con 3 dormitorios (2 adaptadas para persoas con mobilidade reducida),

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

5 de 4 estancias e outras 5 de 2 habitacións; 88 prazas de garaxes (2 delas accesibles); 40 rochos (2 tamén accesibles); e 5 baixos comerciais.

A superficie das vivendas máis pequenas oscilará entre os 66 e os 68 metros cadrados de superficie útil, mentres que as de 3 dormitorios moveranse entre os 86 e os 93 metros cadrados e as de 4 dormitorios terán de 115 a 118 metros útiles.

O ámbito en que se construíra esta nova promoción pública correspóndese co antigo Parque Ofimático da Coruña, hoxe Xuxán, e en cuxo desenvolvemento leva implicada a Xunta desde o ano 1991. Actualmente está sendo urbanizado co financiamento da metade dos custos por parte do Goberno galego, que é propietario do 50 % do solo e ten comprometidos ao redor de 19 millóns de euros nas obras de urbanización do solo residencial dispoñible nos 2 polígonos en que se divide Xuxán.

O IGVS rematou este ano a construción das 40 primeiras vivendas de promoción pública de Xuxán –actualmente en tramitación para que poidan ser entregadas canto antes aos seus adxudicatarios e adxudicatarias– e licitou a redacción do proxecto doutras 58, ademais das 40 cuxa licitación autorizou esta mañá o Consello da Xunta.

A previsión é chegar a pór á disposición dos coruñeses neste barrio ao redor de 1.100 vivendas protexidas, incluíndo tanto as de promoción privada como as construídas directamente pola Xunta.

E, nesa liña, esta mesma semana publicouse na Plataforma de contratos públicos de Galicia a licitación da obra de construción de 38 vivendas de promoción pública na primeira fase da ampliación de San Paio de Navia, no concello de Vigo, por preto de 7,2 millóns de euros para executar nas anualidades 2023, 2024 e 2025. Trátase das primeiras vivendas que se licitan no polígono 1 da ampliación deste barrio residencial da cidade de Vigo, onde o Instituto Galego da Vivenda e Solo ten previsto construír un total de 207 vivendas, cuxos proxectos de obra están xa en redacción ou licitados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 3,1 M€ ÁS FUNDACIÓNS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA E AOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DO CSIC EN GALICIA PARA SEGUIR PROMOVEDO UNHA I+D+I DE EXCELENCIA NA COMUNIDADE**

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación asinará novos convenios con estas entidades vinculados aos resultados da súa actividade e ao compromiso de desenvolver programas de I+D+i en que se plasmen os fitos que se agardan obter
- Este financiamento outorga aos centros un horizonte de certeza económica que lles permite planificar e executar as súas actividades e fortalecer, deste xeito, o ecosistema galego de I+D+i
- Contribúe á retención e captación de talento, coa previsión de xerar un emprego directo de 40 persoas
- Estes convenios súmanse ao financiamento aprobado recentemente por 6,2M€ dirixido a dar continuidade ao labor dos centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá destinar, durante 2023 e 2024, un total de 3,1M€ ás fundacións de investigación sanitaria galegas e aos centros de investigación do CSIC radicados na Comunidade. O obxectivo da sinatura destes convenios é seguir promovendo unha I+D+i de excelencia en Galicia grazas ao fortalecemento do ecosistema galego.

En concreto, resérvanse 1,84 millóns de euros para a Fundación Profesor Novoa Santos, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), a Fundación Biomédica Galicia Sur e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Por outra banda, destínanse 1,28 millóns de euros para os centros do CSIC en Galicia: a Misión Biolóxica de Galicia (Santiago de Compostela e Pontevedra), o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (Santiago de Compostela), o Instituto de Investigacións Mariñas (Vigo), o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Santiago de Compostela) e os centros oceanográficos da Coruña e Vigo (IEO).

Este financiamento –que se pode dirixir a custos de persoal, material funxible, equipamento científico ou formación, entre outros gastos– ten como obxectivo proporcionar a estes centros un horizonte de certeza económica que lles permita planificar e executar, coa programación adecuada, as actividades de I+D+i que pretenden realizar.

Estes convenios facilitan o apoio á formación e estabilización do persoal investigador (prevese un emprego directo de 40 persoas), polo que contribúen á retención e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

captación de talento e, ademais, promoven e incentivan o esforzo na obtención de resultados de calidade. De feito, as diferentes dotacións establécense sobre a base dos resultados contrastables da actividade investigadora e innovadora levada a cabo e co compromiso de desenvolver programas por obxectivos individualizados en que se plasmen os fitos que se esperan obter e que estarán ligados á mellora obxectiva dos seus resultados.

Estes programas de I+D+i permitiránlles aos distintos centros potenciar as súas liñas estratéxicas de investigación, afondar na formación, captación e retención de talento, fomentar o acceso aos fondos dos programas europeos de I+D+i, así como valorizar e transferir os resultados de investigación para que actúen como motor do crecemento económico.

Desde a posta en marcha desta iniciativa en 2013, e tendo en conta estes novos convenios, a Xunta xa ten destinado 16,5 millóns de euros para potenciar estas entidades a través do financiamento dos seus gastos estruturais. A medida enmárcase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia.

Estas axudas súmanse á recente aprobación de 6,2 M€ en axudas para dar continuidade ao labor dos centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia durante os anos 2023 e 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA PRETO DE 12M€ PARA 102 CONTRATOS PREDOUTORAIS NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OUTROS ORGANISMOS DE INVESTIGACIÓN EN GALICIA

- O Consello aproba a convocatoria destas axudas impulsadas polas consellerías de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e de Economía, Empresa e Innovación
- Cada beneficiario recibirá entre 24.000 e 30.000 € anuais durante os catro anos de contrato, ademais de complementos de ata 6.000 € por estadía no estranxeiro
- O obxectivo é apoiar a formación deste persoal desde etapas iniciais e que, mediante procesos formativos estables, adquiran e melloren as habilidades investigadoras

A Xunta de Galicia lanza a convocatoria do Programa de axudas predoutorais 2023 cunha dotación de 11.770.800 €, para a contratación de 102 investigadores por un período de catro anos no Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i.

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aprobar a orde conxunta entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da cal se dá continuidade a este programa que se vén desenvolvendo desde o ano 2012.

O obxectivo é apoiar a formación do persoal investigador desde etapas iniciais (preparación da tese de doutoramento) partindo da base de que, mediante procesos formativos estables, adquirirán as habilidades propias do persoal investigador. En concreto, hoxe hai 289 predoutorais realizando os seus traballos de investigación en Galicia grazas a esta liña de apoio da Xunta de Galicia.

#### **Estadías no estranxeiro**

Trátase de contratos de catro anos de duración que inclúen estadías de tres meses no estranxeiro. As persoas que resulten seleccionadas recibirán unha contía de 24.000 euros anuais durante os primeiros tres anos. O cuarto ano recibirán 29.000 ou 30.000 euros en función de se len ou non a tese antes.

A maiores hai que engadir un complemento de estadía no estranxeiro que pode acadar os 6.000 euros máximo, xa que varía en función da zona de destino. Deste xeito, se o científico escolle Portugal ou Andorra, recibirá 2.000 euros; se realiza a súa estancia en Europa (salvo os dous países anteriores), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá), terá á súa disposición 4.000 euros, e se o destino é Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía, a achega será de 6.000 euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Igual ca na convocatoria do ano pasado, o período do contrato mantense nos catro anos, e dáse a oportunidade de que un investigador predoutoral poida acceder a un contrato posdoutoral nese cuarto ano. Isto é, se o investigador beneficiario dunha destas bolsas le a tese antes do inicio do seu cuarto ano de contrato, a Xunta financiaralle un contrato de capacitación para a etapa posdoutoral durante ese último ano, cunha dotación de 30.000 €. En caso de non conseguir ler a tese antes desa data, o investigador beneficiario continuará o seu cuarto ano cun contrato predoutoral, polo que recibirá 29.000 €.

A convocatoria vai destinada ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións galegas de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos e Fundación Biomédica Galicia Sur) e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras nos seus centros.

Esta convocatoria de predoutorais engádese a outras accións da Xunta de apoio á carreira investigadora, na cal se inclúen os contratos posdoutorais (nas modalidades de formación inicial e de continuidade) e as axudas a grupos de investigación, todas elas de recente convocatoria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA APROBA UNHA SEGUNDA EDICIÓN DA SÚA ACELERADORA MUSICAL PARA PRESTARLLES APOIO A NOVOS ARTISTAS E FORMACIÓNS EMERXENTES

- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades abrirá un novo proceso de selección dunha entidade colaboradora para darlle continuidade ao proxecto que está a ser desenvolvido na actualidade pola Fundación Paideia Galiza
- O programa recolle unha primeira fase encamiñada ao lanzamento de produtos musicais e unha segunda para a súa promoción e difusión
- Zeltia Irevire, Adrian Timms, Ani Baires, Paraíso Canto, Law, Hydn, Helena Egea, Samudra Trío, Mondra e De Ninghures conforman a primeira promoción do proxecto

A Xunta inicia o proceso para darlle continuidade ao programa da Aceleradora Cultural de proxectos musicais mediante a aprobación na reunión do Consello das bases que rexerán o procedemento de selección dunha entidade colaboradora que desenvolva este proxecto de impulso ás carreiras de novos artistas e formacións musicais galegas con potencial de proxección.

O obxecto da colaboración é o deseño, a xestión e o desenvolvemento dos servizos da devandita aceleradora, que se dividen en dúas fases. A primeira dedícase aos ámbitos da consultoría e *mentoring* en distintas ramas do negocio musical (proposta artística, promoción e comercialización), á confección de produtos musicais e ao deseño dun plan estratéxico para o seu lanzamento. Na segunda etapa, destinada á promoción e aos mercados, prevese a participación en circuítos de concertos, festivais e espazos profesionais da industria musical, ademais dun evento final de presentación pública dos proxectos.

A entidade beneficiaria ten que reunir unha serie de requisitos, como non posuír ánimo de lucro, realizar a súa actividade habitual en Galicia, ter coñecemento acreditado de máis de tres anos no sector musical e probar a súa experiencia na organización de actividades formativas no emprendemento musical. Tamén debe dispor dun centro de traballo adecuado e coas tecnoloxías apropiadas, así como acreditar a súa solvencia económica.

#### **Sinatura de convenio**

Para estes efectos, subscribírase un convenio de colaboración entre a beneficiaria e a Axencia Galega das Industrias Culturais, cunha duración que non poderá ser superior ao 30 de outubro de 2024. A dotación para esta convocatoria concreta, que se resolverá en concorrencia competitiva, é de 60.000 euros, ao abeiro dos fondos NextGeneration e do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea. Para a execución posterior

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do programa sumaráselle un novo orzamento que posibilite todas as actividades previstas.

Na actualidade, a Aceleradora Cultural de proxectos musicais está a ser executada cun investimento público de 240.000 euros pola Fundación Paideia Galiza, a única que se presentou á concorrència na posta en marcha da iniciativa en novembro de 2022. A súa actividade prolongarase ata o mes de outubro baixo o título de *Sonemerxente* e coa participación de 10 artistas: Zeltia Irevire, Adrian Timms, Ani Baires, Paraíso Canto, Law, Hydn, Helena Egea, Samudra Trío, Mondra e De Ninghures. Todos eles están a ser titorizados en sesións profesionais teórico-prácticas a cargo de recoñecidos especialistas e en combinación cos concertos e coas actuacións que están a protagonizar en eventos e festivais por toda Galicia.

Os obxectivos que persegue a posta en marcha da nova aceleradora de música entroncan con dous dos eixes de actuación que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades está a desenvolver no marco do Plan Xeración Cultura 2023: innovación, dixitalización e modernización (eixe 3) e proxección exterior, internacionalización e formación (eixe 5).

### **Tamén aceleración escénica**

Á aceleradora cultural de proxectos musicais sumaráselle outro programa similar no eido das artes escénicas, tamén posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades cunha dotación de 336.000 euros a través dunha convocatoria de subvencións dirixidas a pemes, microempresas ou persoas traballadoras autónomas nos ámbitos do teatro, da danza, do novo circo e da maxia.

A finalidade desta liña de axudas, actualmente en fase de resolución, é impulsar a profesionalización empresarial do sector a través de proxectos que doten as entidades subvencionadas das ferramentas necesarias para mellorar as súas habilidades emprendedoras e financeiras, impulsar a súa transformación á cultura dixital e á incorporación de novas tecnoloxías. Tamén persegue favorecer as interconexións entre as industrias culturais e con outros sectores económicos, así como favorecer o acceso ao financiamento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA UN 25 % A COLABORACIÓN COA ONCE PARA ATENDER O ALUMNADO CON DISCAPACIDADE VISUAL**

O Consello aproba un convenio de 315.000 € polo que a Consellería de Educación e a entidade destinan 44 profesionais para apoiar estes estudantes nos centros galegos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio polo que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destina 315.000 €, un 25 % máis que neste curso 2022/23, a colaborar coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para a atención do alumnado con discapacidade visual. En total, ao abeiro deste acordo, o departamento educativo do Goberno galego e a entidade destinan 44 profesionais a apoiar estes estudantes nos centros educativos da Comunidade Autónoma.

Así, a través desta colaboración, o vindeiro curso prestarase asistencia ao alumnado que o precisa, un total de 317 estudantes con discapacidade visual escolarizados en educación primaria, 1º e 2º da ESO ou en centros e unidades de educación especial, favorecendo a súa inclusión educativa e facilitando o seu acceso ao sistema educativo, atendendo á súa diversidade e ás necesidades específicas.

En concreto, o convenio permite establecer un marco de traballo cos equipos específicos da ONCE para a atención escolar do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos a que asistan; promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das diferentes institucións, e facilitar a conformación de equipos específicos para a atención a este alumnado.

Neste senso, ao abeiro deste acordo, a Consellería comprométese a dotar os centros escolares de todo aquel material que sexa necesario para garantir a inclusión educativa en igualdade de condicións do alumnado cego ou con discapacidade visual, así como a promover a adaptación a braille ou a gravación dos libros e materiais curriculares. Así mesmo, velará para que os materiais didácticos dixitais sexan accesibles para estes estudantes e impulsará a formación do profesorado neste eido e a sensibilización da comunidade educativa en xeral.

Pola súa banda, a ONCE pon á disposición do alumnado e das familias os seus centros escolares, centros e servizos especializados, así como os seus recursos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

humanos e materiais. Tamén se promoverá a adaptación dos postos escolares e os materiais empregados polos estudantes, así como a formación docente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA 300.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DA FASE INICIAL DE NOVOS PROXECTOS AUDIOVISUAIS GALEGOS

- A liña de subvencións oríentase a impulsar os traballos de preproducción de filmes e series para cinema e televisión cara á súa rodaxe nos vindeiros anos
- Establécense catro categorías de axuda e diferentes cantidades económicas máximas segundo o tipo de produto

A Xunta aproba a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais galegos cunha dotación de 300.000 euros destinada a diferentes traballos a cargo de produtoras independentes que teñen lugar na fase de preproducción de películas e series para cinema, televisión e plataformas de vídeo baixo demanda, cara á súa produción e rodaxe nos vindeiros anos.

En concreto, estas axudas, que se concederán en réxime de concorrencia competitiva, inciden en labores previos relacionados co guión, dereitos de autor ou propiedade intelectual, financiamento, venda e distribución, xestión de dereitos, investigación, elaboración de materiais de promoción, gastos de asesoría ou consultoría, alugueiro de espazos de traballo e outros que teñan lugar na fase anterior á filmación.

Os obxectivos que persegue a súa posta en marcha entroncan cos eixes de actuación que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a desenvolver no marco do Plan Xeración Cultura 2023, a folla de ruta de 34 M€ para acompañar o sector cultural da man do impulso ao talento e á creatividade, á innovación, dixitalización e modernización e á proxección exterior, internacionalización e formación.

Con estas axudas acompañanse economicamente as empresas galegas do sector xa desde a fase inicial de preparación dos seus novos proxectos, que nos anos seguintes poderán optar así mesmo ás subvencións autonómicas para a produción e coprodución audiovisual e para a súa difusión en foros de negocio e festivais.

As bases da convocatoria, que serán proximamente publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, establecen catro categorías: proxectos de longametraxes cinematográficas de ficción, animación ou documentais de carácter creativo cunha duración mínima de 60 minutos; de series de ficción previstas para ter unha duración total mínima de 150 minutos, e de series de animación e documentais, cando menos nestes dous casos, con 100 minutos de duración. Cada empresa solicitante pode resultar beneficiaria con ata 30.000 euros, no caso das longametraxes e series de ficción ou de animación; ata 25.000,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nas longas de ficción; ata 20.000, na series documentais, e ata 15.000, nas longametraxes documentais.

A liña de axuda sitúase no apoio do Goberno galego á creación de contidos audiovisuais de calidade e á consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e darlle rendibilidade social e económica á cultura galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA 11,3 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA OS PROFESIONAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Entre os EPI que adquirirá o Executivo galego atópanse 1,8 millóns de batas dun só uso, preto de 5.900 gafas, 16,8 millóns de máscaras de protección FFP2 e FFP3, 26 millóns de máscaras cirúrxicas, ademais de produtos de base alcohólica para a antisepsia de mans
- Trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de material por parte do departamento sanitario da Xunta, o que suporá unha redución media dos prezos do 14,23 % e un aforro de máis de 250.000 euros por anualidade

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, de equipamentos de protección individual, máscaras cirúrxicas e produtos de base alcohólica para a antisepsia de mans con destino aos centros sanitarios públicos da Comunidade galega. Así, este expediente contará cun importe de 7.352.351 euros para a subministración sucesiva deste material durante os vindeiros tres anos, acadando os 11.342.471 millóns de euros de prorrogarse até o ano 2028.

O contrato abrangue unha importante variedade de artigos comprendidos no subgrupo dos EPI destinados aos profesionais sanitarios e que se que se empregarán tanto nos centros de atención primaria como no conxunto de hospitais das sete áreas sanitarias galegas.

En concreto, adquiriranse máis de 1,8 millóns de batas dun só uso, preto de 5.900 gafas con monturas de tipo integral e ventiladas, 16,8 millóns de máscaras de protección FFP2 e FFP3, preto de 26 millóns de máscaras cirúrxicas e tamén diferentes produtos de base alcohólica para a esterilización, desinfección e antisepsia das mans.

#### **Aforro mediante a compra centralizada**

Inserida no Plan de compras do Servizo Galego de Saúde, trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de material que fai o departamento sanitario da Xunta de Galicia, o que permitirá seguir coa unificación do material de uso común e repetitivo, continuando ao mesmo tempo e na medida do posible, co proceso iniciado de simplificación e homoxeneización naqueles casos en que os usos e destinos sexan os mesmos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mediante esta compra, os prezos máximos de licitación incorporan un aforro de 254.685,99 €/ano, o que suporá unha redución media dos prezos de compra dun 14,23 %, sen prexuízo dos prezos finais que se alcancen na licitación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA PROMOVERÁ A INSERCIÓN LABORAL DE MÁIS DE 1.000 MULLERES DESEMPREGADAS EN SECTORES CON POTENCIAL COMO O EMPREGO VERDE E DIXITAL E O DOS COIDADOS**

- Cun investimento de 2,7 M€ incentivarase o deseño, por parte de entidades con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro, de programas de emprego feminino que combinen a orientación, a formación e o asesoramento laboral
- A iniciativa pon o foco nas mulleres residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes, co obxectivo de fixar a poboación e de dinamizar as economías locais
- As participantes recibirán un incentivo de 400 euros e as entidades organizadoras, ata 4.215 euros por cada traballadora que acade unha efectiva inserción laboral
- O programa enmárcase no Plan Emprega Muller ao que a Xunta dedica este ano máis de 16 millóns de euros para políticas de emprego destinadas a mulleres

Galicia ofrecerá itinerarios individualizados para que máis de mil mulleres desempregadas, principalmente de concellos pequenos de ata 5.000 habitantes, poidan mellorar a súa capacitación e incrementar as súas oportunidades laborais. A Xunta promove unha liña de apoios, dotada con 2,7 millóns de euros, para que as entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro desenvolvan programas de emprego en feminino, co obxectivo de garantir a inserción laboral das mulleres e de que poidan participar na dinamización económica das áreas menos poboadas.

Para resultaren beneficiarias, as entidades interesadas no desenvolvemento dos programas deberán acreditar experiencia na realización de accións de acompañamento personalizado a desempregados en procesos de inserción laboral por con allea ou propia de polo menos un ano no último lustro.

A orde de axudas, que se financia con fondos europeos a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR), garantirá o apoio a mulleres en desemprego por medio de programas que combinarán accións de orientación laboral co asesoramento, a información, a formación e a adquisición de competencias e habilidades.

A formación para impartir dirixirase a mellorar a capacitación para postos de traballo con boas perspectivas territoriais, derivados das necesidades do mercado laboral rural e urbano en que se desenvolve a iniciativa.

Tanto os itinerarios como a cobertura de postos de traballo resultante da súa execución orientaranse, entre outros, cara ao emprego verde e dixital, ao eido dos coidados de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

longa duración, ao emprendemento e á economía social, ás enerxías renovables, ao tratamento de augas e residuos, aproveitamentos forestais e agrarios sustentables, economía circular ou dixitalización de servizos. Porase o foco, ademais, nas oportunidades que brindan iniciativas de desenvolvemento local rural e sustentable (xestión do patrimonio, actividade turística, emprendemento e economía social con dimensión local e verde, produtos endóxenos) e que faciliten a cohesión social (atención da dependencia, intervención con colectivos vulnerables...).

As accións terán unha duración de 12 meses. Con elas aspírase a que as mulleres adiquiran a cualificación necesaria para aumentar as posibilidades de acceso ao traballo e, ao mesmo tempo, reforzar o desenvolvemento produtivo das zonas rurais, loitar contra a fenda de xénero e promover a permanencia das mulleres no territorio.

Serán destinatarias finais destes programas as mulleres desempregadas inscritas como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia e residentes, preferentemente, en municipios de ata 5.000 habitantes, que, pola súa vez, presenten necesidades de cualificación ou recualificación formativa ou profesional para poderen acceder a un sector laboral concreto. Coa medida agárdase chegar a unhas 1.047 mulleres, un terzo delas residentes neses concellos máis pequenos.

A Xunta quere que os programas melloren as competencias das mulleres cara aos empregos verdes e dixitais, de xeito prioritario. Promoverase ademais a inserción laboral de polo menos o 20 % das participantes por conta propia ou allea durante un mínimo de 90 días tras a finalización das accións.

Para garantir a súa participación, as traballadoras recibirán un incentivo de 400 euros, que se canalizará a través das entidades locais organizadoras, que se inclúe nas achegas de 1.715 euros por participante que poderán recibir para dar cobertura, ademais, aos gastos técnicos, de material, de publicidade, de formación do persoal, etc. en que poidan incurrir. A esa contía engadiranse outros 2.500 euros por muller inserida no mercado de traballo ao finalizaren as accións.

A orde de hoxe enmárcase no Plan Emprega Muller, polo que a Xunta está a apostar este ano cun orzamento de máis de 16 millóns de euros para apoios integrais para o acceso, o mantemento, a consolidación e a promoción profesional do colectivo feminino.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA FORMARÁ MIL MULLERES RURAIS PARA QUE POIDAN ACREDITAR PROFESIONALMENTE A SÚA EXPERIENCIA NO COIDADADO DE MENORES DE 16 ANOS**

- O Goberno galego asinará por segundo ano consecutivo convenios de colaboración con Femuro, Fademur e Femupo, que permitirán actualizar o censo de mulleres residentes no rural, en especial as maiores de 45 anos, con experiencia neste ámbito
- Galicia agarda a celeridade do Goberno central para aprobar a acreditación profesional destas mulleres e que poidan optar a traballar nas bolsas de coidados
- A Administración autonómica destinará 300.000 euros a esta colaboración encadrada no desenvolvemento en Galicia das accións do Plan Corresponsables
- A iniciativa forma parte das actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade, un eido ao cal a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destina este ano case 17 millóns de euros

A Xunta colaborará por segundo ano consecutivo coas federacións de asociacións de mulleres rurais de Galicia para impulsar a acreditación profesional da experiencia laboral dunhas mil mulleres rurais no coidado de menores de ata 16 anos.

Na súa aposta por seguir a fomentar a conciliación e a corresponsabilidade e por crear emprego de calidade, o Goberno galego, a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, asinará tres novos convenios de colaboración coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro), a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) e coa Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo). Trátase de levar a cabo, entre outras, accións de formación e apoio encamiñadas a un futuro recoñecemento desta experiencia laboral no eido dos coidados de menores de ata 16 anos, incluídos.

Galicia agarda que o Estado oficialice canto antes a acreditación da experiencia para que todas estas persoas poidan acceder aos postos de traballo das bolsas de coidado previstas no marco do Plan Corresponsables que o Goberno central desenvolve coa colaboración das comunidades autónomas, dando cobertura aos postos de traballo necesarios para atender servizos de coidado profesional para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade das familias.

Con estes convenios, a Xunta busca dar acceso ás mulleres rurais ás bolsas de coidado de servizos profesionais, contribuíndo a xerar emprego nun sector con forte demanda.

A través da iniciativa -á que a Administración autonómica destina en total 300.000 euros do Plan Corresponsables, 100.000 euros por entidade- Fademur, Femuro e Femupo comprometeranse a manter actualizado un censo das mulleres

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

preferentemente do rural susceptibles de obter esta acreditación, que o ano pasado acadou as 1.171.

Desenvolveranse ademais plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade, levaranse a cabo accións de difusión e información, editarase material didáctico e asesoraranse e formaranse con perspectiva de xénero as persoas con experiencia laboral formal ou non formal na materia. Os programas prestarán especial atención ás mulleres maiores de 45 anos residentes no rural e que se teñan dedicado ao coidado de menores.

Como novidade, no marco deste convenio, as federacións poderán crear bolsas propias de coidados, atendidas por profesionais deste eido con garantía de todos os seus dereitos laborais.

O ano pasado formáronse a través desta iniciativa un total de 679 persoas en temas como competencias brandas, demandadas polo mercado laboral, primeiros auxilios ou competencias dixitais.

A sinatura destes convenios de colaboración forma parte das medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para a promoción da igualdade, especialmente as conducentes a facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal e a corresponsabilidade, unhas actuacións ás cales se destinan este ano, soamente a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, case 17 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA APOIARÁ A CONTRATACIÓN DE 500 PERSOAS SEN EMPREGO EN 180 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Goberno galego convocará nas próximas semanas axudas por 8,5 millóns de euros dirixidas a entidades inscritas como de iniciativa social que traballen cos colectivos que contan con máis dificultades para atopar un emprego
- Cada entidade beneficiaria recibirá como media máis de 47.200 euros, 17.300 por persoa traballadora contratada
- Como en edicións anteriores, terase en conta a figura das entidades que desenvolvan proxectos singulares: as que prestan servizos a outras asociacións, a colectivos con máis dunha área de actuación a nivel autonómico e as que teñen máis de 100 profesionais no seu cadro de persoal

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 8,5 millóns de euros á contratación de persoas sen emprego en entidades sen ánimo de lucro. A través deste programa de cooperación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade considera que se poderán contratar unhas 490 persoas desempregadas en 180 entidades inscritas como de iniciativa social no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Con esta iniciativa, o Goberno galego busca incrementar as oportunidades laborais das galegas e galegos a través da adquisición da experiencia profesional, fomentando, ademais, a súa inserción no sector dos servizos sociais, xerador potencial de emprego.

As entidades beneficiarias destes apoios deben ter como a súa actividade principal o fomento de accións específicas destinadas a axudar os colectivos que contan con máis dificultades para atopar un emprego como son, entre outros, as persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, as mulleres ou as vítimas de violencia de xénero. Así mesmo, deberán garantir a contratación a tempo completo durante nove meses das persoas desempregadas ou 12 meses a tempo parcial.

A Xunta calcula que cada unha das entidades que resulten beneficiarias na convocatoria deste ano percibirá un importe medio de máis de 47.200 euros, 17.300 euros por persoa traballadora contratada.

Dos 8,5 millóns de euros, destinaranse prioritariamente 3 millóns á contratación de persoas desempregadas nos denominados proxectos singulares, desenvolvidos por entidades que prestan servizos a outras, a colectivos con máis dunha área de actuación a nivel autonómico ou con máis de 100 profesionais nos seus cadros de persoal.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

É unha prioridade do Goberno galego deseñar e aplicar políticas activas orientadas á atención a colectivos específicos con especiais dificultades de inserción. Esta orde de axudas reflicte que a Xunta de Galicia conta coa colaboración das entidades sen ánimo de lucro para contribuír ao desenvolvemento, aproveitamento e potencial económico, social e cultural da comunidade e favorecer a creación de emprego mediante a prestación de servizos de interese xeral e social.

A medida forma parte da aposta da Administración autonómica por mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas de Galicia no seo da colaboración institucional e do diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

No ámbito do apoio á contratación para os colectivos con máis dificultades para atopar un traballo, a Xunta ten en marcha este ano os plans Emprega dirixidos á muller, á mocidade e ás persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA 3 M€ EN AXUDAS PARA A CREACIÓN DE SUPERFICIES FORESTAIS EN ALGO MÁIS DE 1.600 HECTÁREAS DE MONTE

- Logo de recibir un amplo número de solicitudes que cumprían todos os requisitos necesarios, a Xunta optou por levar a cabo unha ampliación de crédito
- Estas achegas están destinadas á creación de superficies forestais formadas por coníferas de ata cinco especies diferentes, como o piñeiro do país ou o piñeiro silvestre, e ata 21 especies de frondosas, como o castiñeiro, o carballo ou o bidueiro

O Consello da Xunta aprobou o novo orzamento das axudas para a creación de superficies forestais. Estas achegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 e que se convocaban para este ano 2023, estaban dotadas inicialmente cun orzamento dun millón de euros. Logo de recibir un amplo número de solicitudes que cumprían todos os requisitos necesarios, a Xunta optou por levar a cabo unha ampliación de crédito de dous millóns de euros. Polo tanto, estas axudas contarán a partir de agora cun orzamento de tres millóns de euros.

Estas achegas están destinadas á creación de superficies forestais formadas por coníferas de ata cinco especies diferentes, como o piñeiro do país ou o piñeiro silvestre, e ata 21 especies de frondosas, como o castiñeiro, o carballo ou o bidueiro. Nesta liña, as actuacións que son obxecto das axudas son aqueles gastos de planificación forestal e da área de defensa contra os incendios forestais. Isto inclúe os gastos necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, a adquisición de planta e os gastos de plantación propiamente dita e a área de defensa contra os incendios, así como aquelas infraestruturas de acompañamento e obras complementarias.

Neste senso, poderán beneficiarse destas axudas aquelas persoas que sexan titulares dos terreos obxecto da axuda. Son maioritariamente comunidades de montes veciñais en man común, pero tamén as asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, pro indivisos, entidades locais, comunidades de bens, montes de varas e as sociedades de fomento forestal.

Así, logo da aprobación desta ampliación de crédito, está previsto que se publique proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a resolución destas achegas. A partir do día seguinte ao da publicación no DOG comezará o prazo para executar os traballos. Este prazo para xustificar e executar finalizará o 15 de marzo de 2024 para todos os beneficiarios excepto para as comunidades de montes veciñais en man común, que terán ata o 15 de abril de 2024.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE AO INVESTIMENTO DE MÁIS DE 5,3 M€ NA RECONSTRUCCIÓN DA PONTE DE PONTE ARNELAS, QUE COMUNICA RIBADUMIA E VILANOVA DE AROUSA**

- O Goberno galego deu hoxe conta da tramitación de emerxencia dos traballos de reconstrución da ponte, que xa están en execución co fin de rematar este ano
- Nas vindeiras dúas semanas seguirán os labores de retirada do taboleiro da ponte, co obxectivo de iniciar cara á segunda semana de agosto a súa demolición, que se considera que se desenvolverá durante dous meses
- Intervirase na parte central sobre o río, mudando a fisionomía e a tipoloxía da ponte e eliminando o arco e os tirantes
- A nova ponte ganhará en estética e integración ao proporcionar a propia estrutura de dous niveis, reservando o superior para o tráfico rodado e o inferior para o paso de peóns
- Reforzarase a cimentación e montarase a nova estrutura metálica sobre a que se colocarán as prelousas, que serán prefabricadas para axilizar os prazos, e acometerase despois a pavimentación, o pintado e a instalación de peitorís

O Consello da Xunta deu conta hoxe da tramitación de emerxencia das obras de reconstrución da ponte de Ponte Arnelas, que comunica os municipios de Ribadumia e Vilanova de Arousa a través da estrada PO-300, uns traballos que suporán un investimento autonómico de máis de 5,3 millóns de euros.

O Goberno galego aprobou hoxe a tramitación de emerxencia para a reconstrución da ponte, traballos xa en execución, co obxectivo de rematar este ano as obras.

A Xunta axilizou os trámites previos obrigados a partir do peche da ponte o 18 de abril, ante os danos detectados en varias péndulas que provocaron que a calzada cedese parcialmente e tras proceder á estabilización da estrutura para evitar o seu colapso.

Logo das intervencións iniciais de sostemento para asegurar a ponte, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade continuará traballando durante as vindeiras dúas semanas nas intervencións para preparar a retirada do taboleiro, co obxectivo de iniciar cara á segunda semana de agosto a súa demolición, que se desenvolverá durante dous meses.

De seguido, materializarase o plan de traballo decidido para a reconstrución do van central da ponte, tendo en conta a información sobre o estado da estrutura que proporcionaron as inspeccións realizadas e conforme a solución elixida entre as diferentes alternativas analizadas para a reconstrución da ponte.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras suporán unha actuación importante sobre o treito do río e suporá mudar a tipoloxía e a fisionomía da ponte, que perderá o seu arco e os seus tirantes, pero ganará en estética e integración ao proporcionar a propia estrutura de dous niveis, reservando o superior para o tráfico rodado e o inferior para o paso de peóns.

Concretamente, intervírase no van central da ponte, é dicir, só na parte que vai sobre o río. Para iso están a executarse labores de desmontaxe desa parte do viaduto para, a continuación, proceder á súa reconstrución.

Na disposición da nova ponte reforzase a cimentación e, a continuación, montárase a nova estrutura metálica sobre a que, posteriormente, se colocarán as prelousas, que serán prefabricadas para axilizar os prazos. A partir de aí será necesaria unha fase de traballo sobre o terreo en ferrallado, impermeabilización, pavimentación, pintado, instalación de peitorís, etc.

O obxectivo da Xunta é poder tela rematada a finais deste ano ou, como moito, a principios do vindeiro, todo condicionado á subministración de materiais.

### **Dilixencia nas actuacións**

O Goberno galego mantén o cumprimento do seu compromiso de traballar coa maior dilixencia para garantir, dunha banda, a seguridade das persoas e, doutra banda, restituír a circulación no menor prazo posible.

O primeiro que se fixo foi inspeccionar en profundidade a estrutura, para aclarar as causas do sucedido e para coñecer o alcance dos danos, que se concentran no van central da ponte. Así, xa nos primeiros días se constatou que a corrosión e oxidación, principalmente na base das péndulas que sustentan o arco da ponte, provocou a súa rotura e o afundimento de parte da calzada.

Desde o primeiro momento tamén se fixo un seguimento da estabilidade da estrutura e confirmouse que non se moveu. En todo caso, priorizouse evitar calquera risco de derrubamento, para o que se procedeu ao apuntalamo da ponte por ambas as marxes, uns traballos que xa están concluídos. Foron traballos de gran complexidade, posto que se está a actuar no leito dun río que hai que respectar, polo que os traballos se coordinaron con Augas de Galicia, tendo en conta tamén o réxime de desaugamento do encoro de Caldas.

Os traballos seguiron avanzando, de modo que xa foi retirado o peitoril para reducir o peso que soporta, facendo un control constante sobre como vai respondendo a estrutura.

Paralelamente, e tendo en conta a información sobre o estado da estrutura que deron as inspeccións e que apuntan á necesidade de intervir unicamente no treito central da ponte

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

onde se concentraron os danos, a Xunta traballou no deseño e na análise das diferentes alternativas para a reconstrución, sustentados tamén nos traballos de xeotecnia realizados, o que na práctica marcou o comezo das actuacións de reconstrución de Ponte Arnelas.

O traballo resolutivo e a áxil do Goberno galego na toma de decisións para actuar desde o primeiro momento na reconstrución da ponte de Ponte Arnelas contrasta coa actitude do Goberno central no caso do colapso do viaduto da A-6 que, logo de transcorrido un ano do sinistro, á fin aveuse a executar por emerxencia e de xeito simultáneo as obras dos dous viadutos, como lle viña demandando a Xunta. Porén, no día de hoxe, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana aínda non iniciou as obras no segundo viaduto.

Infografías coa imaxe da nova ponte das obras de emerxencia en execución sobres as que se informou hoxe no Consello da Xunta:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### OS ACUICULTORES GALEGOS PODEN ACCEDER A AXUDAS PARA COMPENSAR ATA O 50 % DA CAIDA DE INGRESOS REXISTRADA EN 2022 ANTE PECHES PROLONGADOS POR TOXINAS

- A Xunta destina 500.000 euros a uns apoios que pretenden paliar o impacto nos resultados das empresas da prohibición de recoller os moluscos cultivados de xeito ininterrompido durante máis de catro meses consecutivos
- As achegas buscan dar resposta á situación excepcional vivida o ano pasado en determinadas zonas en que se detectou de xeito recorrente a presenza de toxinas paralizantes, lipofílicas ou as dúas á vez
- Un informe do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) constata que hai medio cento de potenciais beneficiarios, os titulares de establecementos de acuicultura en dous polígonos de bateas de Bueu e tres de Portonovo, nos cales houbo esa maior virulencia dos episodios tóxicos
- A contía das axudas establecerase comparando a facturación de 2022 coa dos tres exercicios anteriores, tal como recolle a orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días

O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2023 de axudas no ámbito da acuicultura para compensar ata o 50 % do descenso nos ingresos rexistrados en 2022 polos produtores de moluscos como consecuencia dos episodios recorrentes de presenza de toxinas mariñas nas rías galegas, o que lles impediou sacar o produto ao mercado. Estas achegas, que contan cun orzamento de 500.000 euros, están destinadas a titulares de establecementos de acuicultura que visen suspendida a recollida dos moluscos cultivados de xeito ininterrompido durante máis de catro meses consecutivos.

Os apoios pretenden dar resposta á situación excepcional vivida o ano pasado, no cal se detectou unha especial virulencia dos episodios tóxicos ao se rexistraren de xeito recorrente en distintos puntos do litoral de Galicia ben toxinas paralizantes, ben lipofílicas ou mesmo as dúas á vez.

As achegas -cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)- cubrirán como máximo a metade do descenso nos ingresos rexistrados polos produtores de acuicultura, ata un máximo de 100.000 euros, e o seu importe calcularase comparando a facturación da empresa no exercicio 2022 coa obtida nos tres exercicios anteriores (2019, 2020 e 2021).

Os potenciais beneficiarios destas axudas son algo máis de medio cento de titulares de máis de 80 establecementos de acuicultura que superaron o ano pasado os catro meses continuados de peches para a extracción de moluscos como consecuencia da presenza

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de toxinas. De feito, segundo un informe do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), os polígonos de bateas que tiveron un número de días de prohibición da actividade superior a catro meses pola presenza de toxinas son cinco: os A e B de Bueu e os A, B e C de Portonovo.

A orde coa convocatoria destes apoios sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días para que os posibles beneficiarios consulten os requisitos e a documentación necesaria para accederen a eles. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde a publicación no DOG co obxectivo de que os produtores poidan paliar o impacto que os peches continuados pola presenza de toxinas mariñas no litoral tiveron no desenvolvemento normal da súa actividade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

